

Ola a todos,

Co comezo do novo trimestre, imos preparar unha nova canción que estou seguro que vos resultará sinxela. Trátase de 'Moonriver', que foi composta para a banda sonora dunha película chamada 'Breakfast at Tiffany's'.

Imos lembrar os pasos previos que realizamos sempre na aula para tocar correctamente unha partitura:

1. Hai que observar en primeiro lugar o compás no que está escrita a canción: **3/4**, tres por catro. **Tres pulsos por compás.**
2. Fixámonos en que o tempo da canción é **Adagio** que, como sabemos, quere dicir "lento". **Este tempo mantense durante toda a partitura.** Tentamos non acelerar e tocamos amodo.
3. Ao comezo vemos tamén unha P, que é o matiz que nos indica que **a dinámica da canción é PIANO (suave).** Tocaremos suave e lento durante toda a partitura.
4. Observade que **hai moitas ligaduras**, que unen brancas con brancas con puntillo: cinco pulsos en total. Temos que respectar as ligaduras e aguantar eses cinco pulsos tocando sen respirar.
5. Hai unha coma de respiración no segundo pentagrama. Esa coma indica que o tema principal que durou todo o primeiro pentagrama até aí, volve repetirse. **Por iso aproveitamos para facer esa pausa que marca a coma.**
6. Fixádevos tamén **nos silencios: só hai dous** (un de negra no último compás do penúltimo pentagrama e outro de corchea no segundo compás do último pentagrama). **Hai que telos en conta e facer a pausa que corresponde.** Non volos saltedes.
6. Aparece moitas veces en toda a partitura **a célula rítmica negra con puntillo e corchea.** Coidado con medilo ben e non facer dúas negras, porque sería incorrecto.
7. O ámbito polo que se move a liña melódica é amplo: vai do RE agudo ao DO grave. **Tede coidado en que soe ben as notas e tapade ben cos dedos nas notas graves.**

Déixovos unha ligazón da canción en YouTube para que vos axude a estudala. **Lembrede que non podeades escribir o nome das notas na partitura:**

<https://www.youtube.com/watch?v=5b0q3uVnaBM>

**Procurade repasar algo os exercicios que saen na páxina web (sobre todo os intervalos) e tamén as partituras de música tradicional galega (Ou son do ar, himno galego...). Moito ánimo a todos!**

# Moon River

Henry Mancini

**Adagio**

Flute



Musical notation for the first system, measures 1-10. The notation is in treble clef with a key signature of one flat (Bb) and a 3/4 time signature. It begins with a dotted quarter note on G4, followed by an eighth rest and an eighth note on A4. The melody continues with quarter notes on Bb4, C5, D5, E5, and F5, ending with a quarter note on E5.

**P**

**,**

Fl.



Musical notation for the second system, measures 11-20. It begins with a dotted quarter note on G4, followed by an eighth rest and an eighth note on A4. The melody continues with quarter notes on Bb4, C5, D5, E5, and F5, ending with a quarter note on E5.

Fl.



Musical notation for the third system, measures 21-30. It begins with a dotted quarter note on G4, followed by an eighth rest and an eighth note on A4. The melody continues with quarter notes on Bb4, C5, D5, E5, and F5, ending with a quarter note on E5.

Fl.



Musical notation for the fourth system, measures 31-40. It begins with a dotted quarter note on G4, followed by an eighth rest and an eighth note on A4. The melody continues with quarter notes on Bb4, C5, D5, E5, and F5, ending with a quarter note on E5.